

FACER LUGO

UN PROXECTO

PARA DESENVOLVER AS COMPETENCIAS BÁSICAS

Ó CARÓN DA BIBLIOTECA



FACER LUGO

UN PROXECTO PARA DESENVOLVER AS COMPETENCIAS BÁSICAS Ó CARÓN DA BIBLIOTECA

CÓMO XURDIU O PROXECTO

No curso 2009-2010, o noso centro, situado nunha zona periférica da cidade de Lugo, participou nun Plan de Autoavaliación e Mellora da Calidade Educativa (PAMCE) co obxectivo de mellorar a práctica docente cara ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Tras longas sesións de formación o profesorado participante decidiu utilizar cara o curso 2010-2011 o traballo por proxectos, unha estratexia metodolóxica para poder aplicar os principios das competencias básicas na aula.

Foi entón cando decidimos presentarnos por primeira vez ao PLAMBE cun proxecto de biblioteca co título **“Actualización e renovación da Biblioteca Escolar cara ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado e á apertura ao seu contorno social”**.

Nos obxectivos e nas actuacións deste proxecto incluimos o apoio da biblioteca ao traballo interdisciplinar sobre a realidade e o pasado de Lugo.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

O PORQUÉ DO TÍTULO

Presentamos este tema porque ofrece, por unha parte a posibilidade de cubrir un área deficitaria no coñecemento de moitos dos nosos alumnos e alumnas, por outra parte pode ofrecer a ocasión de facer máis próximas e funcionais as actividades traballadas en calquera materia, ofrecendo un referente próximo e concreto e resulta o suficientemente ampla e aberta para que poidan incluírse tarefas de calquera área e nivel.

FINALIDADE

Facer públicos os resultados deste traballo no blog <http://facerlugo.blogspot.com.es/> , na revista do centro *Leiras do Leiras*, no mural colocado no corredor central e en calquera outro medio que quixera colaborar na súa difusión.

OBXECTIVOS

1. Contribuír á adquisición das competencias básicas
2. Estimular a aprendizaxe no manexo da información
3. Valorar o contorno e a cultura propia
4. Facilitar a funcionalidade e a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos nas diferentes áreas
5. Fomentar o traballo cooperativo

ORGANIZACIÓN E PROPOSTA DE TRABALLO

Presentar as tarefas de carácter disciplinar ou interdisciplinar segundo o seguinte modelo:

1. Situar a tarefa partindo dun texto ou unha situación e dentro dunha unidade didáctica.
2. Establecer os criterios e indicadores de avaliación, os contidos, os obxectivos e as competencias básicas.
3. Elaborar as actividades e os exercicios
 - Lectura de textos motivadores (comprensión, tema, finalidade, resume).
 - Consultar fontes para obter información (buscar palabras, interpretar gráficos, definir termos, resumir, sintetizar, seleccionar, analizar...).
 - Reelaborar a información, presentar a información.
4. Citar os recursos e a organización espazo-temporal.
5. Elaborar os instrumentos de avaliación.

CADRO XERAL DO PROXECTO

TÍTULO DA TAREFA	ÁREAS	NIVEL
Rutas literarias polo Museo	Lingua Galega	2º ESO
Visita á Catedral	Ámbito lingüístico	3º ESO PDC
O Pórtico da Gloria	Música	3º ESO
María Castaña	Lingua Castelá	1º ESO
Que bebemos?	Física e Química	4º ESO
O clima	Ciencias Naturais	2º ESO
A recollida do lixo	Ciencias Naturais	1º e 2º ESO
Lu e Go pola muralla	Club de lectura	TODOS
Mellor traballar xuntos!	Tecnoloxía	4º ESO
Lugo cidade romana	Ámbito lingüístico	4º PDC
Proxecto interdisciplinar	Francés	1º ESO
A touristic brochure	Inglés	1º BAC